

memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1999
económica social

consideracións

consideracións

sobre a situación

económica e social

de Galicia en 1999

1

consideracións

sobre a situación económica

1.- En 1999 produciuse un crecemento importante da economía mundial, medido polo FMI nun aumento do 3,3% do PIB. A economía norteamericana foi a protagonista principal da recuperación económica mundial, cun aumento do PIB do 4,1%; na Unión Europea o aumento do PIB foi do 2,4%; no estado español, do 3,7% (3,2% en VEB).

En Galicia o ano 1999 caracterizouse por un aumento considerable do crecemento económico, consolidando así un ciclo expansivo iniciado en 1994. Este é o ciclo expansivo máis longo da economía das últimas décadas, só comparable ó de 1986-91. Cos datos dos últimos trimestres de 1999, parece que este crecemento vai continuar.

O maior crecemento de 1999 veu acompañado ademais dun cadro macroeconómico estable caracterizado por uns niveis baixos de inflación e por un importante saneamento das contas das Administracións públicas.

A aceleración nas cifras de crecemento da actividade económica se constata nun aumento do Valor Engadido Bruto (VEB) a prezos de mercado do 3,8%, segundo os datos do IGE. Este crecemento supera en catro décimas ó acadado en 1998 e se sitúa, xunto co de 1995, no nivel máis alto do ciclo. Cómpre salienta-la súa evolución ó longo dos catro trimestres do ano, xa que amosa unha tendencia clara de expansión e asegura a súa continuidade alomenos para o ano 2000.

O aumento do emprego en 23.800 novos ocupados (media anual), equivalente ó 2,6% do volumen de ocupación, superou en 9 décimas o acadado en 1998. Este crecemento positivo do emprego debe valorarse como insuficiente para as necesidades da economía galega e tamén en comparación co estado que cun crecemento similar tivo unha taxa de creación de emprego superior.

Este diferencial entre aumento da produc-

ción e do emprego lévanos a que en 1999 se produza un aumento da produtividade aparente do factor traballo superior á experimentada no resto do estado.

A taxa de variación da produtividade por persoa ocupada en Galicia en 1999 respecto ó ano anterior foi do 1,49%, fronte ó 1,14% do estado, o que a sitúa como a sétima comunidade coa maior taxa de crecemento.

2.- O forte impulso da economía española no seu conxunto posibilitou un achegamento dos niveis de renda de España ós da Unión Europea. O indicador de converxencia real por habitante (elaborado con datos Funcas) no bienio 1998-99 mellorou de forma sensible, avanzando en 1,7 puntos: pasou do 81,45% ó 83,14%.

A economía galega tamén se aproveita deste impulso, aínda que nunha menor medida que a media do estado. Neste período o seu indicador de converxencia real coa UE-15 pasa do 70,06% ó 71,19%, o que significa unha mellora de 1,1 puntos. Se a converxencia a estudiamos dentro do conxunto das comunidades autónomas de España, a diferenza de Galicia ca media estatal aumenta ó pasar de 11,39 puntos a 11,95 puntos no ano 1999.

Sen embargo, este comportamento positivo da actividade económica en Galicia foi claramente insuficiente para avanzar no proceso de converxencia coa economía española en termos de VEB. A economía galega creceu un 3,8% –medida en VEB a custo de factores– fronte ó aumento do 4,2% no conxunto do estado (fonte Funcas), o que reflicte que, a pesar de acadar unha alta taxa de crecemento, a economía galega perde posicións respecto á economía española.

O resultado deste proceso de menores crecementos comparados tradúcese nunha caída continuada do peso relativo da economía galega en España, de tal xeito que a súa contribución ó VEB estatal cae do 5,70% en 1998 ó 5,67% do ano 1999.

O proceso vese matizado cando a análise faise utilizando como indicador de converxencia o PIB a prezos correntes de mercado (fonte INE). Este indicador mantén estable, no 5,46%, o peso relativo da economía galega na española no bienio 1998-99.

Diante desta evolución semella que as políticas a favor da cohesión territorial non están tendo os resultados desexables porque os fondos estruturais e o fondo de cohesión non son suficientes para cumprir co obxectivo para o que están definidos. Cómpre reflexionar sobre este dato, en especial nunha comunidade autónoma que é obxectivo nº 1 en termos da política comunitaria.

3.- O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 6,7% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior. Sen embargo –e debido ó diferencial de crecemento– empeora a súa comparación coa media española. Para 1999 a renda familiar por habitante en Galicia acada o 90,80% do valor medio de España, o que supón unha caída de 0,5 puntos en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no 91,30% do valor medio español.

Esta falta de achegamento á media estatal é especialmente grave se temos en conta que se mide en termos per cápita e a poboación en Galicia ven descendendo paulatinamente nos últimos anos: en 1999 representa o 6,83% da estatal, fronte ó 6,91% que representaba en

1998, o que está actuando como amortiguador; se non, o diferencial sería maior.

É relevante a comparación dos valores da renda e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 83,28% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 90,80%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 7,52 puntos. Este diferencial explícase polo funcionamento de mecanismos de compensación, é dicir, de transferencias de rendas e de capitais.

4.- O factor que máis contribuíu ó crecemento de 1999 foi –outro ano máis– a demanda interna, que se mantén como o motor de crecemento da economía galega. O aumento do emprego, o incremento da RFBD e os tipos de interés están na base dun forte aumento do consumo privado. Destaca dun xeito especial o crecemento do gasto efectuado polos non residentes, en especial polo importante aumento do sector turístico que tivo un ano moi positivo en 1999, ligado ó ano xacobeo.

A expansión do consumo privado e da demanda interna en xeral deuse nun marco de política monetaria expansiva, cun tipo de xuro nominal e con tipos de xuro reais moi baixos. O tipo de xuro real –media anual do tipo interbancario a 3 meses, deflactados polo IPC medio anual– situouse no 0,6%, a cifra máis baixa das últimas décadas, e está na base da expansión económica de 1999.

5.- O investimento estranxeiro en empresas galegas non cotizadas –único indicador dispoñible para aproximarse á formación bruta de capital–, aínda que non é relevante en cifras globais, tivo un comportamento negativo, cunha redución do 83% en relación ó ano anterior. O carácter preocupante deste dato é

aínda peor se se ten en conta que o investimento estranxeiro en Galicia se move en valores absolutos baixos e que no conxunto de España aumenta un 88,3% en 1999. O resultado é que no exercicio pasado tan só o 0,4% de investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas dirixíuse a empresas galegas.

Parece necesario aumentar a capacidade de atracción de capital estranxeiro a Galicia mellorando con novas políticas un dos indicadores máis importantes para o desenvolvemento económico da comunidade autónoma.

6.- A taxa media de inflación anual en Galicia, medida a través do índice de prezos ó consumo (IPC), aumentou ó longo do ano 1999 ata situarse nun 2,6%. En 1999 a taxa media de inflación anual foi tres décimas superior á existente en España, onde a taxa de inflación pasou do 1,8% de 1998 ata o 2,3% do ano considerado.

O IPC en media anual aumentou en sete décimas en relación ó ano anterior e foi tres décimas superior á media española. Pero, ademais, a dinámica do último trimestre de 1999 apunta unha senda de alza aínda máis intensa dos prezos, como o demostra a taxa de variación interanual, que se colocou nun 3,3%.

O índice de prezos industriais (IPI) experimentou un repunte no último ano e o seu índice xeral presenta unha taxa de variación media anual de 0,67%. Dun xeito máis desagregado, aumentan os índices de prezos no caso dos bens de equipamento, en tanto que os bens intermedios atenuan o seu descenso.

Esta dinámica alcista da inflación debe ser obxecto de reflexión, en especial tendo en conta o marco de integración económica e monetaria da economía galega e española na UE, co que significa de non ter a posibilidade

de actuar sobre as políticas monetarias e de cambio.

É necesario un exercicio de superación dos límites á competencia de determinados sectores para evitar que se empece a perde-lo éxito da loita contra a inflación que, durante décadas, tivo o conxunto da sociedade.

7.- Desde o punto de vista da oferta, a característica principal de 1999 é o crecemento positivo do sector primario, despois da importante recesión do ano anterior en Galicia (fonte: IGE). En 1999 este sector creceu un 0,3% en Galicia fronte ó descenso 2,5% do ano anterior, en tanto que os sectores non agrarios rexistraron unha taxa de crecemento en 1999 de 4,1%.

É ben destaca-la evolución positiva que se deu en tódolos sectores productivos, aínda que con fortes diferencias dun a outro.

O sector primario –agricultura e pesca– tivo un comportamento positivo en 1999 (0,3%), ó contrario ó experimentado en España, onde este sector presentou unha taxa de crecemento negativo do 2,1% despois do crecemento do ano 1999 (1,8%). Segundo os datos de Funcas, o peso do sector agrario no VEB galego é do 8,9%, moi superior ó peso relativo do sector primario en España, que é do 4,6%.

O sector industrial deixa de ser o sector que máis crece da economía galega, presentando un crecemento media anual de 3,6%, fronte ó 5,8% do ano anterior. O peso relativo deste sector no VEB total galego é do 20,3%, inferior ós 21% da economía española.

O sector da construción foi en 1999 o sector máis dinámico da economía galega, cunha taxa de crecemento anual do 7,4%, moi superior á experimentada no ano anterior

(3,1%). Ó igual que acontecía no caso do sector primario, o seu peso relativo no VEB galego (9,9%) é superior ó peso deste sector en España (8,4%).

Os servicios tiveron un crecemento medio de 3,9%, fronte ó 3,0% experimentado ó ano anterior en Galicia. Este é o sector máis importante en canto á xeración do VEB, xa que aporta o 60,9% do mesmo en 1999, inferior á aportación do mesmo na economía española, que foi do 65,9% en 1999.

8.- O sector exterior presentou un elevado grao de apertura ó exterior da economía galega, como o demostra o feito de que o volume do comercio exterior (importacións + exportacións) foi equivalente ó 40,18% do PIBpm galego en 1999 (fonte: INE), considerando que o grao de apertura da economía española foi do 42,77%.

O comercio exterior galego presentou en 1999 un crecemento máis moderado que o estatal, rexistrando unhas taxas de crecemento do 5,7% e 6,9%, respectivamente. O valor das exportacións galegas medrou un 6,9% (3,5% en España), en tanto que o valor das importacións ascendeu un 3,0% (10,6% no conxunto do estado), o que provocou un crecemento da taxa de cobertura, que pasou do 85,3% de 1998 ó 90,1% deste ano. No conxunto do estado, esta taxa foi do 76,1%.

O comercio exterior galego seguiu caracterizándose por unha elevada concentración xeográfica, xa que o 78,4% das súas exportacións dirixíronse a países da Unión Europea, o que é un fiel reflexo da integración económica de Galicia no espacio da UE.

Neste ano agudízase a característica da acusada especialización sectorial e territorial do mesmo. En cinco capítulos do comercio exte-

rior concéntrase o 63,79% das exportacións e o 68,82% das importacións de Galicia e, á vez, a provincia de Pontevedra concentra o 61,8% das importacións e o 65,5% das exportacións galegas. ■

2

consideracións

sobre o emprego

1.- Galicia conta, segundo a revisión do Padrón Municipal de 1 de xaneiro de 1998, con 2.724.544 habitantes, un 0,66% menos que en 1996, producíndose un descenso preocupante do peso relativo da poboación galega no total español ó descender do 6,91% de 1996 ós 6,83% en 1998. O descenso da poboación galega entre 1996 e 1998 é o segundo descenso máis acusado en España tralo descenso dun 0,95% en Castela León.

En relación a súa distribución xeográfica, salienta que o 69,1% da poboación se concentra nas comarcas occidentais e costeiras, en tanto que as comarcas orientais e interiores acolleen ó 30,9% da mesma. Asemade, esta concentración da poboación prodúcese tamén nos sete grandes núcleos de Galicia que albergan o 35,63% da poboación en 1998 cando en 1996 esa porcentaxe era do 35,5%. Salienta tamén o elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que en Galicia hai un total de 29.947

entidades de poboación, que supúñan o 48,93% do total de entidades en España.

2.- O aumento da actividade económica en Galicia no ano 1999 reflíctese nun incremento da poboación activa galega nun 1,2%, rompendo a tendencia á baixa da taxa de actividade dos últimos anos. O panorama da economía galega atrae a poboación a formar parte do mercado laboral.

A taxa de actividade, incrementouse en 4 décimas no último ano situándose no 48,4%, rompendo a tendencia descendente dos últimos anos pero lonxe aínda de supera-la taxa de inactividade, que desde o ano 1994 vén superando á de actividade.

Globalmente, o incremento da mesma produciuse entre as mulleres ó pasar do 37,9% ó 38,8%, case un punto de aumento, aínda así esta mantense en valores excesivamente baixos

e moi alonxada da masculina que está 20 puntos por enriba

No ano 1999 aumenta significativamente o emprego en Galicia. O aumento da poboación ocupada en 23.800 novas ocupacións (media anual), cunha variación porcentual do 2,6%, supón o mantemento da tendencia dos últimos anos. Este incremento da poboación ocupada absorbe o incremento da poboación activa (13.400) aínda que reduce en só 10.400 persoas a poboación parada.

Cabe salientar que continúan os problemas fundamentais que presenta o mercado laboral galego.

O incremento do emprego en España foi do 4,6%, dous puntos por riba da taxa galega. Nos dous últimos anos, a economía galega tivo un crecemento acumulado do VEB superior ó experimentado pola economía do resto do estado: 7,3% e 7,2% respectivamente. Sen embargo, o crecemento acumulado do emprego no estado español case duplica ó existente en Galicia: 8,16% e 4,34% respectivamente.

O feito positivo dunha mellor evolución da produtividade aparente do factor traballo no contexto galego no bienio 1998/1999 (aumenta en Galicia un 1,49% fronte ó 1,14% en España), se relativiza ó ter en conta que esto sucede a costa dunha menor creación do emprego. A medra do emprego —2,6%— foi inferior ó crecemento do VEB (3,8%) en 1,2 puntos, fundamentalmente inducido polo comportamento do sector primario.

O peso da muller no mercado laboral galego non variou a pesar de que o incremento da ocupación é superior ó experimentado polos homes no último ano: 3,55% e 1,99% respectivamente. Simultaneamente produciuse un aumento do número de paradas do 0,1%, mentras a poboación parada masculina descendeu un 12,5%.

Salienta e evolución do mercado de traballo na provincia de Ourense, contraria á experimentada pola comunidade galega e as outras tres provincias. Nesta provincia descende a poboación ocupada un 3,8% respecto ó ano 1998 e aumenta a poboación parada un 6,9%. O forte descenso da poboación ocupada na agricultura e na construción explican este comportamento negativo.

3.- Na evolución sectorial da ocupación no último ano reflíctese novamente unha tendencia diferenciada na evolución do emprego primario e non primario. A medra do emprego nos sectores industria, construción e servizos en 32.600 novas ocupacións vese minorada pola perda de 8.600 empregos no sector primario.

O comportamento positivo do sector primario en termos de VEB —cun incremento do 0,3%— non se reflíctese de igual maneira na evolución do emprego no sector, nun proceso de axuste que parece que aínda non rematou.

O sector industrial experimenta unha medra positiva no seu volume de ocupación, con 6.500 empregos novos malia que a ralentización da actividade supoña un menor incremento respecto ó ano anterior. Sen embargo, todo crecemento do VEB industrial trasladouse ó emprego.

O sector máis dinámico no pasado ano, polo que se refire ó emprego creado, é o da construción que cun incremento do 7% (6.800 novas ocupacións) experimenta o maior crecemento sectorial. A ocupación no sector servizos foi a de maior crecemento en termos absolutos (19.400 ocupacións novas) aínda que en termos relativos a porcentaxe de incremento é só do 4,1%. Este aumento do emprego no sector segue consolidándoo como o principal sector en volume de ocupación (52,5%) de Galicia.

Na distribución de emprego por sectores e sexos cómpre destacar que o emprego no sector agrario galego segue sendo maioritariamente feminino (57%) ó contrario do que sucede na pesca, na industria ou na construción. O importante incremento do emprego feminino no sector servicios non modifica o maior peso do masculino, pero os 35.000 empregos femininos novos no sector consolidano como o máis feminizado da economía.

4.- En 1999 prodúcese un forte incremento do emprego asalariado que medra o 5,6% con máis de 34.000 persoas ocupadas novas por conta allea. Este é un feito especialmente positivo se se ten en conta a redución paralela da categoría denominada axudas familiares.

No ano 1999, o número de persoas empresarias con persoal asalariado experimenta o maior incremento de emprego das diferentes situacións profesionais en termos porcentuais (14,4%), a pesar de que o seu valor absoluto siga sendo baixo (56.300 persoas).

Na evolución do emprego por situación profesional e sexo, cómpre destaca-lo aumento das empresarias sen persoal asalariado (4,1%) e a importante redución das axudas familiares femininas (18,9%).

A taxa de temporalidade tivo unha evolución negativa no ano 99. Nin o crecemento económico, nin os esforzos normativos, que configuran un marco normativo favorable á incentivación da contratación estable, conseguiron unha redución da taxa de eventualidade, senón que pola contra, aumentou en medio punto ata situarse no 33,9%.

As mulleres, principais protagonistas dos incentivos á contratación, xa que son maioría en case tódolos colectivos na que esta pretendía

inducir, ven como a taxa de temporalidade entre as mesmas aumenta máis de dous puntos de media en 1999, situándose no 35,2%, mentres no caso dos homes descende 0,5 puntos ata o 33,08%.

5.- O volume de paro estimado pola EPA diminúe en Galicia en 10.400 persoas, ata situar en 182.200 o total de persoas paradas no ano 1999. Un 55,6% deses desempregados eran parados de longa duración, porcentaxe que se eleva ó 59,4% na poboación feminina.

A redución do desemprego tradúcese nunha diminución da taxa de paro galega en 1,1 puntos, ata situarse no 16,2%.

Así, a finais de 1999, a taxa de paro media anual feminina practicamente duplica á masculina; 22,75% entre as mulleres fronte a 11,4% entre os homes.

6.- O número de contratos rexistrados (638.425) segue aumentando en Galicia e no ano 1999 o crecemento foi do 14,2%; este incremento non se reflicte por igual na contratación temporal e na indefinida. A indefinida segue medrando e faino significativamente en termos porcentuais (13,8%), mentres que en termos absolutos o número de contratos indefinidos realizados: 56.007 —incluídas as conversións de temporais en indefinidos— é moito menor có de contratos temporais (604.065 en total), aínda que a medra, en termos porcentuais, sexa equivalente.

O feito de que en 1999 se realizaran en Galicia 11 veces máis contratos temporais ca indefinidos repercute negativamente na taxa de temporalidade.

A relación entre o número de contratos temporais realizados (604.065 contratos) e a

poboación asalariada temporal (215,8 miles de persoas) indica o grao de rotación existente no mercado de traballo galego. En 1999 este ascendeu a 2,80 contratos por persoa asalariada temporal, sendo no ano anterior de 2,63 contratos.

7.- As demandas de emprego rexistradas (822.277) aumentaron un 13,6% respecto ó ano 1998 e as colocacións medraron un 14% respecto ó mesmo ano. Do total de colocacións (641.151), un 70,9% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudos.

8.- O número de empresas de traballo temporal en Galicia ascendeu a 37 (o 4,3% do total deste tipo de empresas en España) e realizaron un total de 84.155 contratos de posta a disposición, é dicir, un 2,1% máis que os contratos rexistrados no ano anterior (o 5,0% do total de contratos no conxunto do estado).

9.- O pago total medio por traballador e mes nos sectores de industria e servizos, en 1999, foi de 196.073 pesetas, superior ó de 1998, cando estivo nas 190.682 pesetas. A taxa de crecemento foi do 2,8% superior á rexistrada en España (o salario medio foi de 225.147 pesetas/mes) que foi de 2,3%.

Atendendo á desagregación por sexos, hai unha diferenza importante entre os pagos totais ós homes e ás mulleres. En 1999 os pagos das mulleres supuñan en Galicia o 71,3% dos pagos dos homes, sendo a media estatal de 76,0%. Comparada a situación en Galicia coa existente nas outras comunidades hai que afirmar que Galicia é a cuarta comunidade con maior porcentaxe, por detrás de Canarias (77,1%), Madrid (76,4%) e o País Vasco (72,1%).

O incremento salarial medio pactado por convenio en Galicia para 1999 foi do 2,51%

respecto ó ano anterior, sendo no conxunto do estado de 2,44%. No caso dos convenios pactados a nivel empresa o incremento salarial pactado foi de 2,42, inferior ó existente para o caso dos convenios de outro ámbito, que foi de 2,52%.

No ano 1999 prodúcese un descenso da xornada media pactada ou ponderada na negociación colectiva galega. Ésta redúcese desde as 1.781,9 horas/ano de 1998 ata as 1.779,1 horas/ano de 1999. O sector construción foi quen pactou a menor xornada media con 1.761,6 horas/ano, estanto no caso contrario o sector servizos cunha xornada media pactada de 1.799,2 horas/ano.

A xornada efectiva media por traballador ascendeu a 1.707,1 horas, superior ás 1.694,1 horas no mesmo período do ano anterior.

10.- En relación á sinistralidade no mercado laboral, en 1999 rexistráronse 41.408 accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornadas de traballo, fronte ós 36.616 do ano anterior, o que supón un incremento do 13,1%.

Por sectores, o 33,4% dos sinistros aconteceu na industria (13.845); o 31,8%, no sector servizos (13.168); e o 25,3% (10.916), no sector da construción. A meirande parte dos accidentes teñen a consideración de leves e un 2,5% considéranse graves ou mortais.

Ó índice de incidencia da sinistralidade laboral en Galicia está por debaixo da media nacional: 60,29 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas fronte ó 72,8 de España. Este índice aumenta nas catro provincias galegas, salientando o medre da provincia de Pontevedra, onde o índice pasa de 67,4 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas de 1998 ós 77,6 de 1999. Na provincia de A Coruña

ña, o índice de incidencia acada o 60,29, en tanto que nas provincias de Ourense e Lugo este ascende a 52,65 e 45,87 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas.

O 57,5% dos accidentes teñen como vítimas a traballadores e traballadoras con contratos temporais, mentres o 33,6% corresponde a traballadores con contratos indefinidos.

Respecto ós accidentes “in itinere”, producíronse 3.314 en 1999, un 19,3% máis que no ano anterior.

11.- En relación ás políticas activas de emprego, aprobáronse en Galicia 224 plans de formación, o que a sitúa como a cuarta comunidade polo número de plans aprobados (un 5,6% do total estatal). Xunto a estes plans funciona tamén unha serie de medidas complementarias de acompañamento, nas que Galicia presenta unhas das medias de financiamento aprobado por proxecto máis altas entre as comunidades españolas (29,50 millóns de pesetas), só superada por Canarias e Madrid.

No ámbito das políticas activas de emprego da Comunidade Autónoma, en 1999 impartíronse 2.110 cursos de formación profesional ocupacional, que, cun presuposto global de 7.834,3 millóns de pesetas, contaron coa asistencia de 34.334 alumnos.

Ó longo do ano, o número total de demandantes de emprego ós que o Servicio Galego de Colocación ofertou unha acción de orientación laboral a través das oficinas de emprego ou dos centros colaboradores ascende a 99.000 persoas. O número de altas de postos de traballo ofrecidos para Xestión ascendeu a 45.662, un 2,1% menos que no ano anterior.

12.- A 31 de decembro de 1999, o número de empresas de economía social (coo-

perativas e sociedades laborais) ascendía a 32.184 sociedades, 2.950 máis que en 1998, das que o 3,6%, 1.168 firmas, estaban en Galicia (148 máis que no exercicio anterior). O conxunto destas empresas en Galicia xeraba un total de 11.265 empregos (1.154 máis que en 1998), o 3,4% do total do sector español. En 1999 o número de empregos nestas sociedades equivale ó 1,2% da poboación ocupada galega.

No ano 1999 constituíronse un total de 268 cooperativas e sociedades laborais (26 máis que en 1998), con 1.311 socios agrupados (69 máis).

13.- No concenrente ó desenvolvemento empresarial, en Galicia prodúcese un preocupante descenso do número de empresas existentes un 1% respecto o ano anterior, fronte ó aumento do 1,8% no conxunto do estado. A 31 de decembro de 1999 había en Galicia un total de 157.045 empresas activas en Galicia (o 6,23% do total de empresas existentes en España). A meirande parte das sociedades activas en Galicia nese período corresponde a persoas físicas (69,3%), seguida das SRL, que acadaban o 22,1%, pertencendo o 78,6% das empresas ó sector servicios e un 12,5%, ó sector da construción.

No ano 1999 constituíronse, segundo os datos do Rexistro Mercantil, 5.345 sociedades (que supuñan o 4,9% das sociedades constituídas en España). Comparado co ano anterior, descende o número de constituicións de sociedades nun 2,7% (148 sociedades menos) respecto ó ano anterior. A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 92,7%) e só un 2,7% foron sociedades anónimas. Neste ano 1999 rexistráronse cinco suspensións de pagamentos, o 2,5% das producidas en España, e 13 quebras, un 2,5% das acontecidas no conxunto do estado. ■

3

consideracións

sobre o sector público e benestar social

1.- O presuposto consolidado –a través do cal pode apreciarse a dimensión real que os programas de ingresos e gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos projectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados– da Comunidade Autónoma de Galicia acada 979.712 millóns de pesetas no ano 1999 (o 19,27% do PIB galego a prezos de mercado segundo o INE ou o 18,52% do VEB a custo de factores, segundo os datos da Funcas), o que significa que medrou un 6,3% respecto a 1998 (58.112 millóns de pesetas).

Dende o punto de vista da distribución funcional, a parte máis importante do presuposto consolidado repartiuse, entre outras, nas seguintes funcións: Sanidade, cun 31,9% e Educación, cun 23,2%, agrupando estas dúas partidas máis da metade do presuposto.

Respecto ás operacións correntes do pre-

suposto consolidado da Comunidade Autónoma, a taxa de crecemento interanual dos ingresos foi do 8,4%, superior á experimentada polos gastos desta natureza, 6,2%). O aforro por operacións correntes elevouse a 99.046 millóns de pesetas, un 28,3% máis que no ano anterior. Este ano, polo tanto, dáse un importante aforro previsto, o que se traduce nunhas mellores expectativas de investimento. Pola contra, o que xa non é un feito tan positivo é que este non se nutra dunha contención do gasto corrente, senón dun maior incremento dos ingresos correntes.

Os ingresos por operacións de capital do presuposto consolidado da Comunidade Autónoma diminuíron un 5,6% sobre o ano anterior, mentres que a taxa de crecemento dos gastos de esa natureza acadou o 6,5%. Polo tanto, prodúcese un aumento do déficit por operacións de capital, que foi de 111.405 millóns de pesetas, un 18,3% máis que no ano anterior.

Os ingresos por operacións de capital diminúen nun 5,6% como consecuencia da importante baixa que experimentan as transferencias de capital (un 7,1%). Os ingresos procedentes do FCI diminúen en 1999, tanto en valores absolutos coma na participación de Galicia nos recursos do fondo. Galicia baixa a porcentaxe de participación debido ó incremento do VEB por habitante, a perda de poboación e o saldo migratorio negativo- e os recursos procedentes da UE, dentro do MAC, acadan un 1,82% menos que o ano anterior. Isto implica que achegan menos recursos para o financiamento dos investimentos.

Pola súa parte, as transferencias procedentes da Unión Europea que tamén forman parte do financiamento da solidariedade diminúen por mor de se-lo ano 1999 o último ano de execución do MAC 1994-99.

Os ingresos propios acadan un total de 162.391 millóns de ptas., o 24,3% do presuposto de ingresos da Administración Xeral, perdendo peso respecto ó ano anterior, no que significaban o 25%. A relación entre os ingresos propios e transferidos configura o nivel de autonomía financeira da Comunidade Autónoma en 1999, a proporción dos ingresos propios e asimilados perde peso en 0,8 puntos na previsión de financiamento total realizada en 1999.

Destaca a diminución de recursos propios dun 4,47% debido ó descenso dos ingresos por taxas, precios e outros dun 7,4%. Os tributos cedidos increméntanse nun 7,7%. Dentro deles o tramo autonómico do IRPF increméntase nun 9% (3.967 millóns de pesetas).

O incremento do total de gastos por operacións non financeiras de capital do presuposto consolidado foi un 5,9%, polo tanto, inferior ó do total orzamentario. Esta porcentaxe é a resultante do crecemento das transferencias de capital, que foi de 7,4% e dos investimentos

realizados directamente pola administración, que foi do 4,7%. O menor aumento deste último tradúcese nun desprazamento do protagonismo inversor do sector público á iniciativa privada.

Aínda a pesares do incremento do orzamento en operacións non financeiras de capital (caps. VI e VII), o peso destas dentro do VEB de Galicia permanece constante, xa que tanto no ano 1.998 como no 1.999, mantense no 3,8% do VEB a custo de factores segundo os datos de Funcas ou no 4% do PIB a prezos de mercado segundo a Contabilidade Rexional de España.

A principal partida financiadora das operacións de capital foi o aforro por operacións correntes (49,1% fronte ó 40,51% no ano 1.998), producíndose un descenso das transferencias de fondos europeos e das operacións de endebedamento, estas últimas baixan un 4,4%, respecto ó ano anterior. Tanto en valores absolutos (99.046 millóns de pesetas) como na taxa de crecemento respecto ó ano anterior (28,3%), o financiamento dos investimentos depende cada vez máis do aforro por operacións correntes.

Pola súa vez, o endebedamento neto orzado da Comunidade Autónoma foi de 18.000 millóns de pesetas. A carga financeira situouse en 53.201 millóns de pesetas, dos que 30.344 correspóndenlle ós gastos financeiros e 22.867 millóns á amortización da débeda. A carga financeira supuxo o 6,27% dos ingresos correntes orzados, diminuindo un 0,9% (482 millóns de pesetas) respecto ó ano anterior, debido á diminución dos xuros nun 5% (1.600 millóns de pesetas) que compensa o aumento dun 5,1% da amortización (1.118 millóns de pesetas).

Ó considera-la débeda acumulada en Galicia, segundo datos do Banco de España, esta foi de 2.651 millóns de euros (441.089 millóns de pesetas), polo tanto, medra un 3,07% máis que no ano anterior. Esta cantidade significa o 7,5%

do endebedamento total das comunidades autónomas española. O endebedamento por habitante acadou os 973 euros (161.894 pesetas), un 9,5% superior á media de endebedamento por habitante do conxunto das CC.AA.

2.- Ó longo de 1999 continuou a tendencia ó aumento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social. En Galicia, a media anual de afiliados á Seguridade Social en 1999 acadou un máximo, con 851,2 miles de persoas, uns 37.000 cotizantes máis ca no ano anterior, o que supón un incremento do 4,5%. Se este dato o comparamos co da evolución do emprego, podemos concluír que aumentou máis: 13.000 cotizantes máis ca novos empregos, o que se explica tanto pola utilización de metodoloxías diferentes como por un posible afloramento do traballo irregular.

Malia isto, en Galicia, o número de persoas afiliadas ós diferentes réximes da Seguridade Social é claramente inferior ó número de persoas ocupadas, segundo os datos da EPA. Concretamente, a media anual de persoas ocupadas no ano 99 foi de 941.700, fronte a 851.200 cotizantes, o que significa que 90.500 persoas estarían traballando sen cotizar en ningún dos réximes da Seguridade Social. Esta é, sen dúbida, unha característica do emprego galego ó contrario que no Estado na que os cotizantes son máis cos ocupados.

Unha parte da explicación está no forte peso que as denominadas axudas familiares teñen no emprego galego —máis de 51.000 persoas—, categoría na que, como se sabe, non é obrigatorio estar de alta na Seguridade Social.

A diferenza entre as persoas ocupadas no sector primario e as cotizantes do réxime especial agrario —con 60.000 afiliados e afiliadas menos— é outra das razóns deste comporta-

mento diferenciado do emprego e a cotización en Galicia.

3.- Os cambios da estrutura do emprego en Galicia estanse trasladando, como non podía ser doutra forma, ó sistema da Seguridade Social. O réxime especial agrario continúa cunha caída no número de persoas afiliadas e remata o ano 1999 con 4.200 cotizantes menos que en 1998, ano no que tamén sufriu outra redución de 4.700 cotizantes, como reflexo da caída da ocupación nas actividades primarias.

No extremo contrario o aumento do emprego asalariado tradúcese nun incremento do número de afiliados e afiliadas ó réxime xeral que, con 35.100 novas persoas cotizantes —unha medra do 6,6%— acada o 66,8% do total das persoas cotizantes do sistema.

Tamén o réxime especial de autónomos experimenta un importante crecemento con 5.400 novos afiliados e afiliadas, cun aumento do 3,5%, mentres o réxime especial do mar e o de empregadas do fogar se manteñen practicamente estancados.

Este incremento da afiliación posibilitou unha lixeira mellora do ratio cotizantes/pensionistas galegos, que no ano 1999 situouse no 1,29 fronte ó 1,25 do ano 1998. Este dato, sen dúbida positivo, non é abondo para reducir significativamente o diferencial de Galicia en comparación coa media española, que no ano 99 foi de 1,91, é dicir, case dúas persoas cotizantes por cada pensionista.

A creación de máis emprego, os cambios na súa estrutura e a regularización do traballo que aínda non cotiza teñen que servir para mellorar esta relación entre cotizacións e persoas beneficiarias do sistema para asegurar a súa viabilidade futura.

4.- O número de persoas que cobra algún tipo de prestación —ben sexa contributiva ou asistencial— elevouse en 1999 a 789.662 entre as diferentes fórmulas de protección social: pensións contributivas, pensións non contributivas, LISMI, RISGA, emerxencia social e prestacións por desemprego.

Este é sen dúbida un dato relevante xa que significa que o 34% da poboación galega maior de 16 anos —unha de cada tres persoas galegas— é beneficiaria do sistema de protección social pública.

Desta cifra 660.000 son pensionistas da Seguridade Social que no ano 1999 tivo un aumento do 1,2% no número de persoas beneficiarias. Cómpre destaca-lo diferencial entre o incremento das persoas afiliadas ó sistema —un 4,5% de novas persoas cotizantes— e o de novas pensionistas, que experimentan un aumento neto do 1,2%, o que supón un avance na solvencia do sistema. Aínda así, as cifras da Seguridade Social en Galicia presentan claras desigualdades: en Galicia está o 8,8% das persoas beneficiarias de pensións do Estado e só o 5,9% das cotizantes do sistema. Estas porcentaxes poderían estar condicionadas polo diferencial de retorno de xubilados a Galicia.

O peso diferente entre persoas afiliadas e beneficiarias tradúcese nun desequilibrio do sistema en Galicia. En 1999 os ingresos por cotizacións da Seguridade Social foron 483.024 millóns de pesetas (un 8,2% superior ós ingresos do ano anterior), fronte a unhas obrigas recoñecidas de 639.532 millóns (3,6% máis que en 1998), o que significa un “diferencial” de 156.508 millóns de pesetas.

Do total das obrigas recoñecidas 601.705 millóns (o 94,1%) corresponde ás pensións e o 5,9% restante, 37.827 millóns de pesetas, ós subsidios. Por provincias, A Coruña é quen ten unhas maiores obrigas con 240.912 millóns, o

37,7% do total galego, seguido de Pontevedra con 198.859 millóns (31,1%) e Lugo e Ourense con 105.990 (o 16,6%) e 93.771 millóns de pesetas (14,7%), respectivamente.

5.- O importe medio da pensión contributiva en Galicia foi de 62.200 pesetas/mes —o 83,7% do importe medio da pensión en todo o Estado, que foi de 74.300 pesetas—. Galicia, non só é a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal volve a aumentar en 1999 respecto ó ano anterior: 12.100 pesetas en 1999 fronte ás 11.500 pesetas no ano 1.998. Este diferencial débese a que na estrutura das pensións galegas teñen maior peso as do sector primario, e que a media das retribucións salariais na industria e nos servizos, e por conseguinte a base de cotizacións, son inferiores en media nun 12,9% ás de España.

O resto da cobertura social —agás as prestacións por desemprego—, non financiada polas cotizacións sociais, acolle un total de 68.417 persoas beneficiarias fronte ás 70.051 do ano anterior.

O número de persoas que cobraron pensión non contributiva da Seguridade Social en Galicia no ano 1999 foi de 51.001, un 5,7% máis ca no ano 1998, o que representa o 11,1% do total de persoas beneficiarias de pensións non contributivas do Estado.

As prestacións sociais e económicas da LISMI déronlle cobertura a 8.392 persoas beneficiarias, un 14,6% menos ca no ano 1998, e as pensións asistenciais a 3.789 persoas beneficiarias, un 43,2% menos ca no ano anterior.

As persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia foron 4.292 a 31 de decembro de 1999 (33% homes e 67% mulleres), cifra un 3,9% superior á do número

de beneficiarias na mesma data do ano anterior.

Na protección das persoas desempregadas o dato fundamental é que no ano 99 se volve producir un descenso do número de persoas que cobran algún tipo de prestación, nunha tendencia descendente que se mantén nos últimos anos.

6.- En 1999 das 139.100 persoas paradas rexistradas, consideradas demandantes de emprego, 61.245 eran beneficiarias dunha prestación, un 7,4% menos ca no ano 1998; o resto —77.855 persoas— non tiñan ningún tipo de cobertura.

Esta redución de 4.877 persoas protexidas non é incompatible cun aumento da taxa de cobertura bruta, —que mide a porcentaxe de persoas paradas que cobran algún tipo de prestación— que aumentou en case dous puntos, situándose no 44,04%.

En todo caso, a taxa de cobertura en Galicia segue situándose moi por baixo do valor medio da de España, que co 50,9%, está case 7 puntos por riba da galega.

O insuficiente grao de protección das persoas desempregadas é especialmente preocupante naqueles colectivos que pola súa situación persoal teñen maiores dificultades. A existencia de 57.400 persoas que levan máis de tres anos en paro, en moitos casos maiores de 45 anos, fai necesaria unha reflexión sobre o modo de actuar nestes colectivos, tanto a través das políticas activas como da protección; especialmente, se se ten en conta a situación financeira do INEM: en 1999 os ingresos por recadación de cotas en Galicia ascenderon a 84.859 millóns de pesetas e os gastos foron 78.482 millóns, polo que o INEM tivo un superávit —por primeira vez en moitos anos— de 6.377 millóns de pesetas.

7.- Con respecto ó tipo de prestación por desemprego, un 47,1% das persoas beneficiarias cobrou as prestacións de nivel contributivo e o 52,9 % as do nivel asistencial, correspondente ó 75% do salario mínimo interprofesional.

8.- O número de camas hospitalarias instaladas en Galicia nos centros do Sergas no ano 1999, ascendeu a 6.974, e foi superior ó do ano anterior (6.675 en 1998). Polo que se refire á actividade cirúrxica en 1999 nos hospitais do Sergas realizáronse un total de 132.166 intervencións —191 menos que no ano anterior—, das que 102.273 foron programadas e as restantes 29.893, urxentes.

As listas de espera amosan un aumento da demora media respecto ó ano anterior, que pasa dos 65,2 días de 1998 ós 66,4 días de 1999.

O gasto farmacéutico total en Galicia ascendeu en 1999 a 91.335 millóns de pesetas, o que representa o 8,8% do total do gasto do Estado. Comparado co ano anterior, o gasto farmacéutico medra en Galicia nun 12,4%, fronte a unha medra do 10 % no conxunto do Estado. O gasto medio por titular ascendeu a 30.668 pesetas en 1999, fronte ás 28.416 pesetas do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 75.899 pesetas.

9.- A poboación ocupada adicada á educación en Galicia, segundo a EPA, diminúe nun 5,1% no período 1998-1999, pasando dos 50,2 miles de persoas no ano 1.998 ás 47,7 miles no 1999.

O número de alumnos/as matriculados nos centros non universitarios segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un ritmo superior ó existente para o conxunto do estado. Mentres que en Galicia o descenso foi do 4,4% respecto ó curso anterior, a nivel estatal a caída foi dun 2,3%.

Galicia, só superada por Asturias, é a segunda comunidade autónoma onde máis diminúe o número de alumnos. Pola contra, no ensino universitario aumenta o alumnado. ■

4

consideracións

sobre os sectores productivos

1.- Mantense practicamente estable o número de empresas do réxime xeral da Seguridade Social en Galicia, dato que se considera preocupante dende o punto de vista do obxectivo da política de fomento de creación de empresas. Fronte a isto, o número de traballadores en alta laboral na Seguridade Social no réxime xeral aumentou un 5,1% respecto á ano anterior, para acadar 572.672 traballadores en 1999. É dicir, aumenta o emprego, e con isto a dimensión empresarial, ate acadar un número medio de traballadores por empresa de 6,7 fronte a 6,3 no ano anterior.

As empresas de un só traballador diminúen no período 1998/99 de 40.090 a 37.659 empresas. Polo tanto, se o número total de empresas diminúe en 20, pasando de 85.862 empresas no ano 1998 ás 85.842 empresas do ano 1.999, e as de 1 só traballador o fan en 2.431, isto significa que hai un trasvase de traballadores a empresas de maior dimensión. A pesares disto, a dimensión empresarial da

empresa galega segue a ser moi reducida, xa que, as empresas de 1 só traballador representan o 43,9% do total, mentres que as de máis de 51 traballadores son só o 1,6%.

2.- A análise sectorial da economía galega en 1999 realizámola sobre a información que proporciona a base do servizo de estudos Ardán, que é sen dúbida un instrumento útil para este tipo de análises, aínda que ten as seguintes limitacións: A base, que se constitúe sobre a información depositada polas empresas nos rexistros mercantís de Galicia, non inclúe as contas das sociedades que non teñen o seu domicilio social en Galicia nin as das empresas que non teñen obriga legal de deposita-las súas contas anuais. Tampouco inclúe as empresas cunha facturación inferior a 40 millóns de pesetas, nin aquelas outras das que non se dispón de datos durante dous anos consecutivos.

Malia estas limitacións, o estudio de

Ardán integra as contas anuais de 11.109 empresas galegas para o ano 1998, configurándose así como a fonte máis ampla para a análise empresarial de Galicia, abarcando ó 28,6% das sociedades mercantís galegas, que dan emprego ó 42,4% dos asalariados de Galicia.

A conta de explotación agregada destas 11.109 empresas permite afirmar que o ano 1998 foi bo para as empresas galegas. O resultado neto do exercicio do ano 1998 para este conxunto de empresas foi un 17,8% superior ó acadado no ano 1997 (un 23,1% se o consideramos antes de impostos), o que significa un importante crecemento no beneficio das empresas.

Unha análise máis detallada revela que os resultados da actividade ordinaria —aquela directamente relacionada coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades— tivo no ano 1998 un comportamento aínda mellor, xa que aumentou nun 34,4% sobre 1997.

Este importante aumento da capacidade para xerar beneficios no ano 1998 baseouse en dous factores: por un lado, no importante crecemento da facturación das empresas e, por outro, na redución dalgúns dos custos empresariais. Na estrutura de custos, foron dous os que contribuíron de maneira fundamental á mellora da rendibilidade:

En primeiro lugar, os gastos financeiros, que sobre a base duns tipos de xuro baixos, diminuíron un 4,8%, a pesar do incremento da actividade. A consecuencia positiva foi que na estrutura de custos das empresas reduciuse a relación carga financeira-ingresos de explotación, que en 1998 equivalen ó 0,96% dos ingresos fronte ó 1,12 % do ano 1997.

En segundo lugar, os gastos de persoal, que experimentan unha redución do seu peso

relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 16,54% dos ingresos de explotación en 1997 ó 15,89% en 1998. O incremento da produtividade e a moderación salarial posibilitou a estabilidade no peso do gastos de persoal a pesares do importante incremento do emprego (9% máis de persoas ocupadas ca no ano 1997), que significou aumento da cifra absoluta dos gastos de persoal (un 11,8%).

A evolución positiva da maioría dos conceptos da conta de explotación ten un contrapunto na evolución do valor engadido bruto por parte das empresas. O crecemento do VEB (15,5%) é inferior ó experimentado polos ingresos de explotación, pasando a súa importancia relativa do 19,68% de 1997 ós 19,33% de 1998. As empresas obteñen os mellores resultados máis polo incremento da súa actividade —ligado ó ciclo económico— que por incorporarlle maior valor ós seus produtos.

A análise do balance agrupado das 11.109 empresas rexistradas por Ardán permítenos coñecer a evolución financeira e patrimonial no ano 1998. O trazo fundamental é a boa situación financeira e patrimonial das empresas, despois dun longo período con bos resultados.

Sen embargo, en 1998 as empresas non aproveitaron eses resultados para darlle maior solidez á súa estrutura. Concretamente, mentres o financiamento permanente medra nun 12%, os fondos propios incrementáronse nun 10,8%, e os recursos alleos a longo prazo o fixeron nun 14%. O fondo de rotación, que aínda ten un valor absoluto alto e positivo, reduciu o seu peso na estrutura do balance, pasando do 11,06 % ó 10,69 % en 1998.

A estrutura financeira e patrimonial reflectida na análise de Ardán mostra unha situación de solvencia: o financiamento permanente de 2.006 millóns de pesetas, representa o

50,28% do total das fontes de financiamento e, dentro deste, os fondos propios son o 64,2% e os recursos alleos o 32,5%, en tanto que o activo fixo neto acada os 1.579 billóns, o que propicia un fondo de rotación de 426.418 millóns de pesetas. En 1998 o peso dos fondos propios no balance reduciuse en 1,41 puntos, mentres o dos acredores a curto prazo se incrementou en 1,59 puntos.

Da análise do balance das empresas despréndese que o activo total crece nun 15,6%. O circulante neto é o que ten un crecemento maior, cun incremento do seu valor do 18%, o que representa un aumento da súa contribución ó activo total en 1,22 puntos, mentres o activo fixo neto aumenta o 12,2%. Este dato está reforzado polo feito de que o inmovilizado material neto —que é a partida do activo que reflicte os investimentos productivos— é o que menos medra en 1998, cun 10,7%, experimentando a súa contribución ó activo total un descenso de 1,23 puntos.

No que atinxe á evolución das rendibilidades, prodúcese un aumento tanto da económica como da financeira en 1998. A rentabilidade económica (ratio que resulta de dividi-lo beneficio antes de intereses e impostos, entre o activo total neto medio) aumentou 2 décimas, dun 6,62% a un 6,80%, influindo nesta lixeira mellora tanto o medre da marxe sobre as vendas como o aumento da rotación do activo. Aumento da rendibilidade financeira (ratio que resulta de dividi-lo beneficio neto da empresa entre os recursos propios medios da mesma) foi moi superior, aumentando preto de 2 puntos neste último ano que analizamos, pasando dos 14,92% ata os 16,90% de 1998. Isto foi debido en parte á mellora da rendibilidade económica pero, sobor de todo, polo descenso do custo da débeda.

Vigo é a principal zona de localización das empresas no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 22,8% do VEB total), seguida de A

Coruña (14,7%), Arteixo (7,8%) e Santiago (5,9%).

3.- O sector primario e industrias relacionadas, formado polos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, está composto por 2.619 empresas en 1998 segundo o criterio de selección de Ardán (non considera as cooperativas), o que representa o 23,6% das empresas consideradas, e presentan un emprego medio de 21 traballadores por empresa.

O seu VEB a custo de factores ascendeu a 223.862,9 millóns de pesetas, un 7,7% superior ó existente ó ano anterior, pero inferior ó crecemento experimentado polo conxunto das empresas de Galicia, onde foi dun 15,5%. Aínda así, teñen un forte peso dentro do total do VEB xerado polo conxunto de empresas de Galicia, un 20,83%. As empresas deste sector presentaron uns ingresos de explotación de 1.660.345,6 millóns de pesetas (un 13,2% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado de actividades ordinarias aumenta un 13,6% e o resultado neto do exercicio descende un 28,4% ata os 56.208,26 millóns de pesetas (o 1,4% dos ingresos de explotación).

A carga financeira descendeu en 1998 un 9,7% para situarse en 10.970,5 millóns de pesetas (un 0,8% dos ingresos de explotación). O indicador do nivel de actividade carga financeira/ingresos de explotación descende dende o 0,81% ata o 0,69% de 1998.

Os gastos de persoal das empresas do sector primario seleccionadas por Ardán acadaron os 137.445,5 millóns de pesetas, un 7,4% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación descende desde o 8,73% en 1997 ó 8,28% en 1998. O indicador do nivel de actividade gastos de persoal/ingresos de explotación descende dende o 10,64% ata o 10,61% de 1998.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 15,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 84.386,2 millóns de pesetas, un 4,2% inferior ó do ano anterior. O 84,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concenrente ás fontes de financiamento, o 49,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 7,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,6% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 13,5%, cun peso relativo do 13,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 925.263,2 millóns de pesetas, un 11,9% superior ó valor de 1997, dos que 374.589 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,8% superior respecto ó ano anterior). Os 550.674,3 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11,3% en relación a 1997.

Finalmente, a rendibilidade económica desce ata o 5,92% pese ó incremento da rotación, mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período considerado (pasa do 13,11% de 1997 ata o 13,42% de 1998) por mor, da redución do custo da débeda.

Vigo é a principal zona de localización das empresas do sector primario no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 16% do VEB total), seguida de A Coruña (9,6%) e Santiago (6,9%).

Do total da superficie xeográfica galega (2.947,7 miles de hectáreas), un 62,2% corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie adicada a cultivo acada o 13,4%, e prados e pasteiros o 15,4%.

A contribución do subsector agrícola á produción final agraria (PFA) do ano 1998 foi

do 19,9%, fronte ó 22,1% do ano 1997. A vocación comercial (que mide o nivel de integración da agricultura no seu entorno), medida pola relación PFA/PTA (producción total agraria), foi do 42,7% en 1998, moi lonxe da porcentaxe rexistrada polos subsectores gandeiro e forestal (85% e 92,6%, respectivamente).

O subsector gandeiro contribúe á PFA do ano 1998 cun 64,1% do total, fronte ó 61,2% do ano anterior. O subsector caracterízase pola pequena dimensión das explotacións e o predominio da industria láctea. Nesta actividade, as explotacións galegas teñen asignada unha cota de produción global do 30,4 % do total de España.

No subsector forestal, que contribuíu ó 12,4% da produción final agraria (PFA) en 1998 –fronte ó 13,5% do ano anterior–, a importancia do subsector queda reflectida no seu peso relativo a nivel estatal: Galicia representa en 1999 o 23,8% das licencias de cortas de madeira españolas medida en metros cúbicos con cortiza.

A renda agraria diminuíu un 2,8% pasando de 157.799,6 millóns de pesetas en 1997 a 153.375,7 millóns en 1998.

Dentro do subsector mar-industria, a produción controlada de pesca fresca en Galicia descendeu no último ano un 8,1% respecto ó ano 1998, para situarse nas 157.302,8 toneladas. Pola contra, a produción acuícola aumentou tanto en valor como en produción. Salienta o peso do mexillón, que representa o 94,3% da produción acuícola e o 58,5% do valor en primeira venda. En 1999 prodúcese tamén un aumento da produción do rodaballo (39,4%) e do seu valor en primeira venda (29,1%).

4.- O sector industrial, composto polos subsectores enerxético, bens de equipamento,

bens intermedios e o dos bens de consumo, está formado por 3.048 empresas en 1998, o que significa que o 27,4% das empresas consideradas pertencen a este sector. Este sector presentou un comportamento positivo en 1998 aumentando os ingresos de explotación por riba da media da empresa galega considerada no seu conxunto.

O VEB a custo de factores experimentou un crecemento do 19,2%, pasando a representar o 41,3% do total de VEB xerado polo conxunto de empresas. Os ingresos de explotación aumentaron un 19,3%, aumento igual ó dos gastos de consumo de explotación polo que o valor engalido bruto non variou a súa posición relativa dun ano para outro. Foron, ó igual que ocorreu para o total das empresas galegas, a ralentización do aumento dos gastos de persoal, que se incrementaron nun 12,4% (descendendo lixeiramente a súa posición relativa sobre os ingresos, dun 11,5% a un 10,9%) e dos financeiros (descenderon un 5,4% en 1998) os que facilitaron un aumento do resultado das actividades ordinarias dun 41,3%. O resultado neto do exercicio despois de impostos aumentou un 26,5%; aumento moi superior á media da empresa galega, que, como apuntabamos no apartado anterior, medrou un 17,8%.

Os distintos subsectores que compoñen o sector industrial, tiveron todos unha evolución positiva pero con diferencias importantes dun a outro. Nos subsectores de bens de equipamento (que representan o 48,04% do VEB industrial do ano 1998) e bens de consumo (o 26,43% do VEB industrial) foi donde se produciron os mellores resultados, ámbolos dous tiveron incrementos dos ingresos superiores ó 20%, que se traduciron en importantes aumentos dos resultados despois de impostos, sobor de todo entre as industrias de bens de equipamento que aumentou o resultado neto un 75,7%; nas de bens de consumo, o aumento do resultado foi do 26,9%.

Dentro do subsector industrial de bens de equipamento pódense salientar pola súa importancia en Galicia, que os subsectores automoción e naval representan o 27,8% e 7,11%, respectivamente, do VEB industrial, e que a industria téxtil, pertencente ó subsector bens de consumo, representa o 21,61% do VEB industrial.

Nos outros dous subsectores, enerxía e bens intermedios, o aumento dos ingresos de explotación foi moi inferior do 6% e 7% respectivamente, que se trasladou no caso do sector enerxético nun medre do 28,3% do resultado despois de impostos pero no caso dos bens intermedios o resultado neto descendeu un 5,7%.

Polo que respecta á estrutura patrimonial do sector industrial prodúcese unha gran similitude coa media da empresa galega. En termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 157.375,2 millóns de pesetas, un 18,3% superior ó do ano anterior. O 82,4% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 12% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 13% e tiñan un peso relativo do 12,1% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.483.830,5 millóns de pesetas, un 15,6% superior ó valor de 1997, dos que 588.359,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 10,7% superior respecto ó ano anterior). Os 895.471,2 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 19% en relación a 1997.

No último ano non se produciron variacións significativas na estrutura patrimonial

porque, a pesar de que descendeu lixeiramente o financiamento permanente sobre o total do pasivo, simultaneamente se deu un descenso do peso da inversión fixa sobre o total do activo.

No que atinxe ás rendibilidades, tanto a económica como a financeira aumentaron no último ano analizado. A mellora na rotación de activos unido o aumento da marxe empresarial fixeron que a rendibilidade económica pasara dun 6,8% a un 6,9%. A financeira pasou dun 16,5% ano a ano 1997 a un 18,2% no 1998, debido á mellora de rendibilidade económica e sobre todo o descenso do custo neto da débeda.

A rendibilidade dos distintos subsectores que compoñen o sector industrial, tiveron todos rendibilidades positivas e en torno a media do sector industrial e por encima da media da empresa galega. Destaca o sector enerxético cunha rendibilidade económica do 8,8% e unha rendibilidade financeira do 19,06, a pesar de ser no que menos aumentaron os ingresos.

O principal núcleo de localización das empresas atendendo á xeración do VEB é Vigo, que acolle ó 31,1% do VEB industrial total, seguido de Arteixo (16%) e A Coruña (10,2%).

5.- Atendendo ó criterio de selección de empresas realizado por Ardán, o sector da construción acolle un total de 3.003 empresas (o 27% do total de empresas seleccionadas), cun emprego medio de 18 traballadores. O VEB a custo de factores xerado por estas empresas ascendeu a 200.939,4 millóns de pesetas, que representa o 18,7% do VEB total xerado polo conxunto de empresas galegas consideradas.

Tendo en conta os indicadores básicos da intensidade constructora, a licitación oficial, considerada como un estimador da tendencia de actividade nos próximos meses, medra nun 18% en Galicia no ano 1999. Nembargantes,

este crecemento non se traduce de igual forma na licitación de obra civil que na edificación, a primeira medra nun 71,1% mentres que a segunda descende nun 16,3%.

No eido da construción de vivendas prodúcese un aumento das vivendas iniciadas e rematadas e, pola contra, un descenso das visadas, tanto libres coma oficiais. É importante sinalar que se prevé unha ralentización no crecemento da actividade constructiva debido ó descenso do número de vivendas visadas.

A análise dos datos facilitados por Ardán reflíctennos un importante aumento dos ingresos de explotación así como dos resultados no ano 1998. Os ingresos de explotación medraron un 26,3% , que xunto a unha ralentización dos gastos de persoal (medraron un 14,3%), das amortizacións (medraron un 11,5%) e dos gastos financeiros que descendieron un 20,2%, fixeron que o resultado neto do exercicio aumentara un 51,3%; pasando do 3,31% dos ingresos de explotación ó 3,94%.

A parte negativa está, unha vez máis, na evolución do valor engadido bruto; neste caso o aumento dos gastos de explotación foi 3 puntos superior ó aumento dos ingresos, polo que o valor engadido pasou de representar o 26,1% ó 24,5% dos ingresos.

No que atinxe ó equilibrio das masas patrimoniais, non se produciron variacións dun ano para outro. O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 20,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 142.743 millóns de pesetas, un 3,6% superior ó do ano anterior. O 79,5% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 36,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 12,3% respecto ó ano anterior,

supoñen o 24,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 1,6%, sendo o seu peso relativo do 12% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 874.051 millóns de pesetas, un 15,8% superior ó valor de 1997, dos que 179.216,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,7% superior respecto ó ano anterior). Os 694.834,5 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 16,6% en relación a 1997.

A rendibilidade económica aumentou dun 5,87% a un 6,5% debido sobor de todo ó aumento da marxe sobre as vendas e, en menor medida, a rotación de activos. A rendibilidade financeira aumentou fortemente, pasou dun 13,44% a un 17,71%, producido sobre todo polo descenso do custe da débeda.

O principal núcleo de localización das empresas atendendo á xeración do VEB é A Coruña, que acolle ó 16,6% do VEB industrial total, seguido de Vigo (13,7%) e Pontevedra (9,5%).

6.- O sector servicios, que presenta unha especial dificultade para a análise provocada pola súa heteroxeneidade, está formado por 2.439 empresas (o 22% do total de empresas seleccionadas polo Ardán), cun emprego medio de 22 traballadores.

O seu VEB a custo de factores ascendeu a 205.791,9 millóns de pesetas (un 19,2% do VEB total xerado polas empresas galegas seleccionadas), un 13,6% superior ó existente ó ano anterior. Estas empresas presentaron uns ingresos de explotación de 626.593,6 millóns de pesetas (un 12% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado de actividades ordinarias asacendeu a 23.77,5 millóns (un

16,1% superior ó de 1997) e o resultado neto do exercicio acadou os 23.942,9 millóns de pesetas (o 3,8% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 35,3%.

Dentro do sector dos servicios o subsector dos transportes é o que representa unha maior proporción do VEB xerado, co 33,4%, segúndolle en importancia o de Turismo e ocio cun 18,1% do VEB.

O resultado financeiro empeora en 1998 un 2,1% ascendendo a carga financeira a 9.610,2 millóns de pesetas. O indicador do nivel de actividade, carga financeira/ ingresos de explotación descende en 1998 ata os 0,84% sendo en 1997 de 0,99%.

Os gastos de persoal das empresas do sector servicios seleccionadas por Ardán acadaron os 143.709 millóns de pesetas, un 12,6% máis que o ano anterior, o que significa o 22,93% dos ingresos de explotación. O indicador do nivel de actividade, gastos de persoal/ ingresos de explotación aumenta en 1998 dende os 22,36% de 1997 ata os 22,96% 1998.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 15,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 41.913,3 millóns de pesetas, un 81,9% superior ó do ano anterior. O 84,4% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 67,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 11,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 31,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 24,1%, cun peso relativo do 34,2% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 706.224,4 millóns de pesetas, un 20,6%

superior ó valor de 1997, dos que 437.361,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 13,4% superior respecto ó ano anterior). Os 268.862,8 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 34,3% en relación a 1997.

Finalmente, no período 97-98 aumenta a rendibilidade económica por mor da evolución positiva da marxe e da rotación de activos, o que implica, xunto coa redución do custo da débeda, unha mellora da rendibilidade financeira antes de impostos.

A Coruña é a principal zona de localización das empresas no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 28,4% do VEB total), seguida de Vigo (21,4%) e Santiago (10,3%). ■

5

consideracións

sobre o desenvolvemento rexional

1.- O stock da capital neto productivo territorializado en 1994 (último dato dispoñible) supuña o 5,635% do total español. Dentro destes, as estradas representaban o 7,394; as infraestructuras hidráulicas o 4,151%; os portos o 18,230% e as infraestructuras ferroviarias o 2,679%. O elevado grado de dispersión ou espallamento xeográfico do hábitat galego, que se reflicte no feito de que en Galicia hai un total de 29.947 entidades de poboación, que supúñan o 48,93% do total de entidades en España, aumenta as necesidades de investimento en infraestructuras en Galicia con respecto á media do Estado.

En relación ás infraestructuras de transporte terrestres, a rede de estradas de Galicia esta composta por 17.191 quilómetros, o que significa que a comunidade gallega dispón de 58 quilómetros de estradas por cada 100 km² de superficie e 6,31 km. por cada mil habitantes, cifras superiores ás medias estatais, que son de 32 e 4,10, respectivamente. O número de quiló-

metros de vía férrea en Galicia ascendía a 890,6.

No obxectivo de mellora-la accesibilidade ó territorio galego cabe salientar que a finais de 1999 aínda non rematou a autovía do noroeste. Por outro lado, o CES, no seu informe-opinión 1/99, consideraba prioridades básicas no Plan de Infraestructuras Terrestres de Galicia a modernización da rede interior do ferrocarril de Galicia, a conexión ferroviaria con Portugal e a conexión coa rede española e europea de alta velocidade. Os datos de investimentos do ferrocarril en 1999 parecen cifras modestas para a modernización das infraestructuras ferroviarias galegas.

2.- O investimento total da Xunta en estradas, portos e obras hidráulicas ascendeu a 30.062 millóns de pesetas en 1999, fronte ós 31.189 millóns do ano anterior. A Dirección Xeral de Obras Públicas invistiu en estradas un

total de 15.880 millóns de pesetas –11.761 millóns no ano anterior–, en tanto que Augas de Galicia reduciu o seu investimento un 32,5%, ata os 10.895 millóns de pesetas, e Portos de Galicia investiu un total de 3.267 millóns de pesetas.

3.- O investimento medio na rede de estradas no período 1994-98 ascende a 30,8 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes, mentres a media estatal foi de 17,1 millóns. Galicia é a segunda comunidade onde máis se inviste por habitante, por detrás de Cantabria (37,2 millóns por cada 1.000 habitantes).

Se a comparación se fai atendendo ós investimentos por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 4,88 millóns de pesetas/km. (a media estatal é de 4,17 millóns de pesetas/km. no mesmo período).

4.- No que ó investimento no ferrocarril se refire, en 1999 Renfe investiu un total de 1.701 millóns de pesetas, cun descenso do 5,1% no total investido sobre o ano anterior.

Como desenvolvemento dos convenios asinados co Ministerio de Fomento e Renfe (30.000 millóns de pesetas cada un deles), as licitacións adxudicadas ou en trámite (a xuño de 1999) sumaban un importe de 7.215 millóns de pesetas, dos que 285 millóns corresponderon ó estudio para a chegada da alta velocidade a Galicia.

5.- O investimento nas infraestruturas portuarias realizadas por Portos de Galicia ascendeu a 3.361 millóns de pesetas, un 0,8% menos que en 1998.

6.- No caso dos aeroportos galegos, o investimento ascendeu a 672,5 millóns de pese-

tas en 1999, un 33,9% inferior ó realizado no ano anterior. O aeroporto de Santiago foi o que máis volume de investimento recibiu (462,9 millóns de pesetas), seguido dos de A Coruña e Vigo, con 118,8 e 90,8 millóns, respectivamente.

7.- O investimento nas infraestruturas hidráulicas en Galicia en 1999 foi de 10.524 millóns de pesetas, un 33,9% menos que no ano anterior. O apartado adicado ás redes de saneamento foi o máis importante, ó acoller o 59,6% do total investido.

8.- En relación ós parques tecnolóxicos e empresarias, o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG) acollía en 1998 un total de 21 empresas de diferentes sectores, entre os que salientan a industria, o sector da agroindustria, o téxtil ou a enxeñería. Xunto a este PTG, en marzo de 1998, segundo o “Estudio dos parques empresariais de Galicia e norte de Portugal” publicado por Ardán en 1999, había un total de 55 parques empresariais en funcionamento e 12 en construción. No mesmo período, había un total de 20 parques empresariais en proxecto e 37 en fase de estudio.

En 1999 hai un total de 22 parques empresariais operativos que están promovidos polo IGVS e Xestur, cun total de 1.029 parcelas e unha superficie comercial de 2.154.951 m².

Finalmente, a Sepes realizou en 1999 un investimento por un valor de 342,7 millóns de pesetas, fronte ós 615,4 millóns do ano anterior. O 67,3% do seu investimento está concentrado na provincia de A Coruña, o 23,2% invístese en Pontevedra e o 9,1%, na provincia de Lugo.

9.- No exercicio de 1999 púxose en marcha o Plan Galego de I+DT 1999-2001 co obxectivo prioritario da innovación empresarial

e a articulación do sistema ciencia-tecnoloxía-empresa, cubrindo desde a formación de investigadores ata a realización de proxectos en empresas. No seu primerio ano de vixencia foron concedidas un total de 1.296 axudas, cunha contía distribuída e pagada de 4.082,1 millóns de pesetas.

Galicia adicou unha reducida porcentaxe do seu VEB a custo de factores ó investimento en I+DT: en 1998, investiu un 0,51% do VEB, fronte ó 0,56% do ano anterior, co que é a quinta comunidade que menos porcentaxe adica a I+DT. España adica un 0,91% do seu VEB a estas actividades.

O peso do gasto total de I+DT en Galicia representa o 3,2% do gasto total destas actividades en España, o que a convirte na sétima comunidade que máis inviste en termos absolutos, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela e León.

O peso relativo do gasto en I+DT nas empresas galegas no total español foi do 2% en 1998, fronte ó 1,9% do ano 1997. No caso das universidades e da administración, estas porcentaxes descenden dende o 5,7% e 4,3% de 1997 ata o 5,2% e 3,8%, respectivamente, de 1998.

As institucións de ensino superior e as empresas son as entidades que adican unha maior cantidade ó I+DT en Galicia en 1998: a súa aportación representa o 49,1% e o 31,7%, respectivamente. En 1997, esas porcentaxes eran do 52,8% e o 25,8%, respectivamente. En España, as institucións de ensino superior contribuían, en 1998, co 30,5%, mentes que as empresas aportaban o 52,1%.

10.- En 1999 produciuse un descenso no número de incendios e na superficie total afectada. O número total de incendios forestais

rexistrados descendeu un 33,2% respecto a 1998, ó pasaren dos 12.934 incendios de 1998 ós 8.643 lumes no ano 1999.

Este descenso foi acompañado dun importante diminución da superficie total afectada (un 78,1%) para situarse nas 10.528,1 hectáreas fronte ás 48.173,2 hectáreas do ano anterior. Esta caída prodúcese tanto na superficie arbolada como na superficie rasa, que descendieron un 78% e un 78,2%, respectivamente.

11.- En 1999, tódolos axentes das administracións públicas incrementaron o seu investimento público real territorializado en Galicia, de tal xeito que a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1996-1999 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 48,7%; os Concellos, cun 22,3%; o Estado, cun 22,5%; e as Deputacións, cun 6,5%.

A recadación líquida total en Galicia en 1999 foi de 564,3 miles de millóns de pesetas. Este importe representa sobre o acadado no ano 1998 un incremento nominal de 72,2 miles de millóns de pesetas que, en termos relativos, supón un incremento do 14,6%. Salienta o crecemento da recadación por Imposto de Sociedades nun 23,7% e do IVE cunha taxa de variación do 27,9%. ■

memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1999
económica social

indicadores
principais indicadores
Galicia
do peso da economía de Galicia
España
no conxunto de España

CADRO I

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (I)

		Galicia		G/E	
		Unidade de medida			
Superficie	(Km ²)	29.575		5,85	
		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1/5/96		1/1/98	
Poboación		2.742.622	6,91	2.724.544	6,83
		1998		1999	
VEB a custo de factores	(en millóns de pesetas)	4.955.753	5,70	5.289.270	5,67
agricultura e pesca		451.761	10,88	471.503	10,92
industria		1.021.813	5,46	1.073.210	5,46
construcción		472.412	6,87	524.708	6,69
servicios		3.009.767	5,26	3.219.849	5,23
RFBD (poder de compra) (1)	(en millóns de pesetas)	4.105.218	6,23	4.372.282	6,17
Sector exterior	Exportacións	889.708	5,36	968.546	5,63
	enerxéticos	23.257		19.293	4,95
	non enerxéticos	866.462		949.253	5,65
	sector primario	231.254		242.958	7,67
	semimanufacturas	120.524		133.079	3,48
	manufacturas	514.584		573.216	5,84
	bens de equipamento	419.873		479.147	6,45
	bens de consumo	94.711		94.069	3,95
	Importacións	1.043.826	5,11	1.074.935	4,76
	enerxéticos	93.842		116.779	7,64
	non enerxéticos	949.983		958.156	4,55
	sector primario	315.146		288.715	8,19
	semimanufacturas	112.628		130.261	2,63
	manufacturas	522.209		539.180	4,28
	bens de equipamento	431.894		450.920	4,60
	bens de consumo	90.315		88.260	3,18
	Investimento estranxeiro	107.981,5	4,50	18.354,2	0,40
	Investimento directo no estranxeiro	19.842,7	0,70	140.840,4	1,70

(1) renda familiar bruta disponible

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Funcas, ICEX e Ministerio de Economía y Hacienda

CADRO 2

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (II)

		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1/5/96		1/1/98	
Demografía	Poboación	2.742.622	6,91	2.724.544	6,83
	km. de vía				
	km. electrificados				
	Natalidade	6,74	9,19	6,93	9,58
	Mortalidade	10,29	9,09	10,80	9,40
	Nupcialidade	4,54	5,14	4,61	5,23
	Matrimonios	12.344	6,10	12.513	6,07
	Nacementos	18.310	5,06	18.807	4,98
	Defuncións	27.961	7,81	29.289	7,91
	Estranxeiros residentes	21.140	2,94	18.313	2,47
		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
Emprego	Mercado de traballo				
	poboación total >16	2.311,98	7,11	2.318,95	7,09
	activos	1.110,48	6,82	1.123,88	6,84
	ocupados	917,85	6,95	941,68	6,82
	parados	192,60	6,29	182,20	6,99
	inactivos	1.196,29	7,41	1.187,73	7,35
	paro rexistrado	156,54	8,28	139,08	8,42
	afiliados á Seguridade Social	814,28	5,99	851,23	5,93
	Contratos INEM				
	sector primario	559.180	4,93	638.425	5,00
	industria	22.950	1,70	22.612	1,60
	construcción	90.063	7,09	103.480	7,50
	servicios	77.418	4,67	84.228	4,60
		368.749	5,21	428.105	5,20
	Investimento estranxeiro				
	empresas	35	4,10	37	4,28
	contratos de posta a disposición	82.431	4,57	84.155	4,29
	Economía social				
	empresas	1.020	3,50	1.168	3,60
	traballadores	10.111	3,30	11.265	3,40
	Cooperativas				
	Sociedades	774	3,50	798	3,50
	Traballadores	8.255	3,40	8.920	3,40
	Sociedades laborais				
	Sociedades	246	3,50	370	3,80
	Traballadores	1.856	3,00	2.345	3,10
	Empresas segundo forma xurídica				
	Persoas físicas	158.583	6,41	157.045	6,20
	S.A.	112.434	6,77	108.784	6,60
	S.R.L.	4.119	3,04	4.054	3,00
	S.R.L.	32.785	6,44	34.778	6,20
	Outras	9.245	5,43	9.429	5,30
	Sociedades mercantis				
	constitución	5.493	5,00	5.345	4,87
	S.A.	169	4,10	146	3,28
	S.R.L.	5.183	5,16	4.953	4,96
	Outras	141	2,90	246	4,46
	suspensión	12	4,63	5	2,46
	S.A.	4	2,47	1	0,88
	S.R.L.	7	8,05	4	4,76
	Outras	1	10,00	-	-
	quebras	19	3,53	13	2,54
	S.A.	9	3,86	5	2,23
	S.R.L.	8	2,89	8	2,99
	Outras	2	6,90	-	-
	extincións	223	2,65	318	3,94
	S.A.	36	1,45	37	1,71
	S.L.	172	3,19	216	4,50
	Outras	15	2,91	65	5,92

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, INEM, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e Registro Mercantil Central

CADRO 3

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (III)

Sector público	Participación de Galicia no Fondo de Compensación Interterritorial (en miles de pesetas)	Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
		24.540.431	18,01	24.283.100	17,51
	(en miles de millóns de pesetas)				
	impuestos estatales	492,1	3,47	564,3	3,56
	IRPF	232,3	4,66	233,8	4,68
	Imposto de sociedades	86,0	3,70	106,4	4,37
	IVE	150,8	3,46	192,9	3,77
	Impostos especiais	15,6	0,65	18,4	0,72
	Tráfico exterior	7,4	5,60	7,8	5,41

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Economía y Hacienda

Protección social		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
	Pensiones contributivas (media anual)	652,0	8,80	660,0	8,79
	incapacidade permanente	59,2	7,36	58,4	7,32
	xubilación	416,6	9,47	420,8	9,46
	viuvez	153,8	7,94	156,9	7,95
	orfandade e favor familiar	22,4	8,34	23,9	8,30
	(taxas por 1.000 hab.)				
	Pensiones non contributivas (media anual)	48.262	11,03	51.001	11,10
	invalidez	24.827	11,30	26.188	11,20
	xubilación	23.435	10,80	24.813	11,10
	Beneficiarios LISMI (media anual)	9.832	6,82	8.392	6,60
	Prestacións asistenciais (media anual)	6.669	6,68	3.789	4,60
	Prestacións por desemprego (media anual)				
	beneficiarios totais	66.122	5,85	61.245	5,82
	contributivas	28.635	6,19	28.877	6,55
	subsídios	37.487	5,61	32.368	5,30
	Ingresos por prestac. de desemp. (en millóns de pesetas)	75.872,8	4,87	84.859,0	4,89
	Gastos por prestac. de desemp. (en millóns de pesetas)	78.229,8	6,33	78.482,0	6,60

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INEM e Seguridad Social

Saúde	Sinistralidade de tráfico				
	accidentes mortais	405	11,21	394	10,82
	victimas mortais	546	12,73	460	10,75
	Gasto farmacéutico (en millóns de pesetas)	81.289	8,59	91.335	8,77

Educación		Curso 97/98		Curso 98/99	
	Ensino non universitario				
	alumnos	469.532	6,43	448.219	6,27
	centros	4.147	8,37	3.991	7,92
	profesores	33.352	6,75	34.300	6,80

Cultura		1998		1999	
	Producción editorial				
	títulos	1.520	2,73	1.752	2,96
	exemplares	2.519	1,06	3.307	1,38
	Libros publicados				
	títulos	1.344	2,67	1.579	2,95
	exemplares	2.130	0,98	2.669	1,25

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INE, Ministerio de Fomento e Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 4 (a)

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (IVA)

		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
Sector primario	Consumo agrícola de fertilizantes <i>(en miles de Tm.)</i>	77,70	3,41	74,00	3,17
		2.447	9,00	2.507	10,20
	tactores <i>taxas por 1.000habs.</i>	1.749	7,00	1.784	7,90
	motocultores	698	51,40	723	51,50
	Licencias de cortas de madeira: especies <i>(en m³ /corteza)</i>	1.917.711	21,43	1.899.921	23,82
	coníferas	989.612	18,26	1.069.286	21,32
	frondosas	928.099	26,29	830.635	28,05
	Licencias de cortas de madeira: tipo de monte <i>(en m³ /corteza)</i>	1.917.711	21,43	1.899.921	23,82
	público	442.420	17,63	439.572	16,60
	particular	1.475.291	22,98	1.460.349	27,41
Energía	Producción bruta de electricidade <i>(en mWh)</i>	22.871.381	12,17	22.518.350	11,36
	Hidroeléctrica	7.658.067	20,80	6.800.483	24,43
	Termoeléctrica	15.213.314	10,07	15.717.867	9,22
	Movemento de crus <i>(en miles de Tm.)</i>				
	crus descargados	5.569	9,30	5.107	8,78
	crus destilados	5.588	9,33	4.845	8,26
	Productos petrolíferos obtidos <i>(en miles de Tm.)</i>				
	Gasolinas	1.120	10,66	1.193	12,35
	Gasóleos	2.176	10,51	2.085	10,02
	Fuelóleos	1.125	7,19	992	6,85
	Gas refinado	201	12,42	193	12,38
	Butano	182	17,17	186	17,10
	Propano	51	9,35	46	9,18
	Consumo de productos petrolíferos <i>(en Tm.)</i>	2.595.946	6,45	2.825.407	6,64
	Gasolinas	456.166	5,43	445.633	5,48
	Gasóleos	1.635.449	7,99	1.794.013	8,31
	Querosenos	25.154	0,67	35.235	0,87
	Fuelóleos	476.021	7,48	550.252	7,25
	Asfalto	3.156	0,25	274	0,02
Construcción	Licitación oficial da Adm. Auton. <i>(en millóns de pesetas)</i>	75.712	7,99	53.010	6,00
	vivenda	1.244	2,57	520	1,61
	equipamento social	25.682	12,76	11.626	6,94
	resto edificacións	2.742	6,24	1.508	8,93
	reparacións	22.004	30,37	9.767	16,37
	transporte	11.822	3,07	13.864	3,43
	urbanización	1.962	3,22	4.517	6,62
	hidráulicas	10.266	7,55	11.208	8,27
	total edificación	51.673	14,11	23.421	8,47
	total obra civil	24.039	4,13	29.589	4,87
	Licitación oficial tódalas Admons. <i>(en millóns de pesetas)</i>	145.356	5,19	171.513	6,02
	vivenda	1.364	1,63	589	0,99
	equipamento social	34.233	7,35	21.723	5,22
	resto edificacións	3.340	3,08	4.198	7,07
	reparacións	30.914	14,51	15.806	8,12
	transporte	41.676	3,49	88.888	6,56
	urbanización	16.165	3,61	18.582	5,61
	hidráulicas	17.665	6,08	21.726	5,02
	total edificación	69.852	8,02	42.316	5,80
	total obra civil	75.506	3,91	129.197	6,10
	Producción e consumo de cemento <i>(en Tm.)</i>				
	producción	530.300	1,63	483.500	1,35
	consumo	2.235.414	7,21	2.283.059	6,59
	Vivenda				
	Edificación de nova planta				
	edificios a construír	6.161	4,75	7.713	5,25
	superficie a construír <i>(en miles de m2)</i>	4.289	5,99	5.463	6,76
	vivendas a construír	19.509	5,57	25.034	6,38
	Obra de rehabilitación				
	edificios a rehabilitar	1.478	5,82	1.512	5,91
	vivendas creadas en rehabilitación	962	7,04	1.152	9,13
	edificios a demoler	283	2,97	392	3,63
	vivendas a demoler	620	4,91	1.123	8,05

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Ministerio de Industria y Energía, AOP, SEOPAN e OFICEMEN

CADRO 4 (b)

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (IVb)

		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
Comercio	Comercio maiorista				
	Locais	13.912	6,63	13.713	6,49
	empresas	12.361	6,64	12.251	6,54
	Comercio minorista				
	establecementos <i>taxas por 1.000 habs.</i>	34.937	5,92	40.595	6,55
	superficie total de venda <i>(en m²)</i>	3.379.311	6,11	4.203.883	7,47
	persoas ocupadas			97.165	5,84
				1.201.355	5,99
Turismo	Viaxeiros chegados	1.852.049	4,04	2.886.534	4,95
	residentes en España	1.602.208	6,25	2.485.025	7,84
	non residentes en España	249.841	1,24	401.509	1,51
	Pernoctacións	4.129.816	2,32	6.631.945	2,89
	residentes en España	3.655.007	5,50	5.844.891	7,20
	non residentes en España	474.809	0,42	787.054	0,53
Comunica- cións e transportes	Servicios postais <i>(en millóns de obxectos)</i>				
	correspondencia nacida	167,09	3,65	183,15	3,64
	correspondencia distribuída	322,72	6,28	345,85	6,22
	Transporte urbano <i>(en miles)</i>				
	viaxeiros en autobús	58.260	3,39	56.235	3,26
	Transporte por estrada <i>(en miles de Tm.)</i>				
	mercadorías	56.681	6,51	60.352	6,10
	Tráfico portuario (2) <i>(en Tm.)</i>				
	pasaxeiros	78.872	0,49	81.863	0,47
	mercadorías	25.086.393	8,27	26.271.362	8,22
	graneis líquidos	8.680.997	7,28	8.452.344	7,16
	graneis sólidos	11.123.266	14,02	12.001.769	13,53
	mercadoría xeral	3.906.018	7,99	4.402.783	4,36
	pesca fresca	136.774	33,39	137.848	35,12
	avitallamento	353.659	4,35	343.164	4,15
	tráfico local	886.234	29,89	925.244	26,94
	Tráfico aéreo				
	aeronaves	42.124	3,36	43.173	2,58
	aeronaves comerciais	31.443		33.592	2,40
	regulares	27.035	2,85	29.002	2,72
	nacionais	26.860		26.511	3,54
	internacionais	4.583		7.081	1,10
Servicios financeiros	pasaxeiros	2.278.451	1,96	2.513.548	1,96
	mercadorías <i>(en Kgs.)</i>	7.392.183	1,35	6.902.379	1,18
	Oficinas das entidades de crédito	2.495	6,46	2.515	6,45
	Créditos ás Admons. e outros <i>(en miles de millóns de pesetas)</i>				
	Bancos	1.555	4,10	1.806	4,26
	Caixas aforro	1.234	4,29	1.374	4,14
	Coop.	9	0,28	12	0,33
	Depósitos de Admons. e outros <i>(en miles de millóns de pesetas)</i>				
	Bancos	1.703	5,53	1.846	5,70
	Caixas aforro	1.824	5,18	2.019	5,29
	Coop.	20	0,49	23	0,50

(2) tráfico nos portos de interese nacional

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Ministerio de Economía y Hacienda, Renfe, AENA, Ministerio de Fomento, Puertos del Estado e Banco de España

CADRO 5

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado (V)

		Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
		1998		1999	
Infraestructuras	Infraestructuras ferroviarias				
	estacións	129	6,86		
	km. de vía	891	7,24		
	pasos a nivel	416	9,41		
	km. electrificados	276	4,03		
	Investimentos de Renfe	1.793	3,59	1.701	
	Investimentos de Feve	247	0,88	163	
Investimentos nos Portos do Estado		5.345	9,13		
Investimentos nos aeroportos		900,5		672,5	0,99
		1997		1998	
Investigación e desenvolvemento tecnolóxico	Gastos internos totais en I+D	23.639.484	3,52	25.437.916	3,24
	Administracións	5.048.415	4,32	4.858.290	3,81
	Empresas	6.102.516	1,86	8.062.462	1,97
	Institucións de ensino superior	12.475.435	5,67	12.501.901	5,22
	Institucións privadas sen lucro	13.117	0,18	15.263	0,18
	Persoal total	4.499	5,20	4.463	4,60
	Persoal investigador	3.433	6,40	3.505	5,82
		1998		1999	
Medio Ambiente	Incendios forestais	12.934	57,90	8.643	48,34
	Superficie afectada	48.173,2	36,27	10.528,1	15,22
	arbolada	11.191,4	26,23	2.457,6	11,45
	rasa	36.982,8	41,02	8.070,3	16,91

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INE, Renfe, AENA e Puertos del Estado